

Resolución do 25 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da Educación Infantil (Plurinfantil), para o curso 2022-2023

As accións e recomendacións emanadas da Comisión Europea e do Consello de Europa nos últimos quince anos veñen configurando as políticas lingüísticas e a innovación en educación lingüística dos distintos países membros da Unión, ao considerar a competencia en linguas como un recurso económico e social indispensable dentro, e máis aló, dunha Europa cultural e lingüisticamente diversa.

É pois, hoxe, por todas as persoas aceptado que a competencia en linguas estranxeiras aumenta as posibilidades de emprego das persoas e as opcións educativas, que, á súa vez, xeran toda unha gama de competencias persoais, sociais e profesionais.

A Consellería de de Cultura, Educación, e Universidade implantou de xeito experimental os centros plurilingües en Galicia durante o curso 2010-2011, como parte do proceso de fomento da diversidade lingüística e cultural da súa política educativa e do que forman parte programas como a Anticipación da Primeira Lingua Estranxeira, os Cursos para a formación complementaria de aprendizaxe de linguas estranxeiras ou o Plan de Seccións Bilingües. Esta implantación experimental permitiu, por unha banda, incrementar a presenza da lingua estranxeira como lingua vehicular, mediante a aplicación do disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia; e pola outra, favorecer a transferencia entre as linguas que se imparten nos centros educativos galegos tanto nas destrezas comunicativas como nas destrezas académicas, mediante a concreción de medidas tendentes á impartición dun currículo integrado das linguas no proxecto lingüístico de centro.

A resposta altamente favorable dos centros educativos e das familias á participación neste proxecto de plurilingüismo da Consellería de Cultura, Educación, e Universidade e o compromiso do profesorado, responsable da execución do proxecto, coa formación do alumnado e a súa propia animan, á Administración educativa a continuar na vía iniciada e a promover a ampliación dun programa plurilingüe na Educación Infantil, así como a ordenar a súa regulamentación e o procedemento de incorporación dos centros sostidos con fondos públicos.

De tal xeito, a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras -Edulingüe 2030-, na súa liña de impacto 1, *Programa integral de extensión e afianzamento do ensino plurilingüe*, ten como obxectivo favorecer a consolidación do modelo plurilingüe, así como promover a progresiva incorporación deste enfoque na etapa educativa de infantil para lograr que todos os centros



sostidos con fondos públicos participen nesta iniciativa.

De acordo co anteriormente exposto, esta Secretaría Xeral, **RESOLVE**

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación.

A presente resolución ten por obxecto a regulación do programa plurilingüe no segundo ciclo da Educación Infantil (Plurinfantil) no curso 2022-2023 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia así como a convocatoria para os centros pertencentes á Rede de Centros plurilingües que desexen participar no programa.

Segundo. Definición do programa no segundo ciclo de Educación Infantil.

Terá a consideración de programa plurilingüe no segundo ciclo da Educación Infantil (Plurinfantil), as ensinanzas deste ciclo cunha carga horaria total impartida en lingua estranxeira de ata o máximo dun terzo do horario lectivo do grupo de alumnado, conforme ao que se establece no Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Esta docencia en lingua estranxeira deberá ir dirixida a todo o alumnado do nivel educativo obxecto do programa.

Terceiro. Requisitos dos centros para impartir o programa no segundo ciclo de Educación Infantil.

Para poder impartir o programa plurilingüe no segundo ciclo de Educación Infantil (Plurinfantil), os centros deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser un centro autorizado pola secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional, como plurilingüe na etapa de Educación Primaria.
- b) Impartir en lingua estranxeira ata un máximo dun terzo do horario lectivo dun grupo de alumnos e alumnas.
- c) Dispor de profesorado cualificado para impartir un proxecto plurilingüe en todo o segundo ciclo da educación infantil.
- d) Aprobación do proxecto polo consello escolar, unha vez oído o claustro.
- e) Participar e colaborar no desenvolvemento dos procesos de avaliación do alumnado e dos propios centros que a Consellería de de Cultura, Educación, e Universidade organice.



Cuarto. As ensinanzas de educación infantil nos centros plurilingües.

O programa plurilingüe en Educación Infantil guiarase polos seguintes principios:

1. Tendo en conta o establecido no currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, elaborárase un proxecto plurilingüe para o segundo ciclo da Educación Infantil.
2. Os centros plurilingües iniciarán a impartición do programa de plurilingüismo no primeiro curso do segundo ciclo da educación Infantil e desenvolverano ao longo desta. Con todo, os centros que así o desexen, poderán implantar o programa plurilingüe simultaneamente nos 3 cursos do ciclo.
3. O centro planificará e levará a cabo actividades extraescolares e complementarias plurilingües co obxecto de potenciar a aprendizaxe de linguas.
4. No proxecto lingüístico do centro concretáranse medidas tendentes á impartición dun currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas linguas, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.
5. A lingua estranxeira integrarase no proxecto plurilingüe en Educación Infantil, desde un punto de vista lúdico e partindo do traballo en grupo, non só na área *Linguaxes: comunicación e representación*, senón a través de todas as áreas, traballando e desenvolvendo as competencias clave a través dun enfoque globalizado baseado en tarefas e proxectos e nos cales as TIC deben estar presentes.

Quinto. Requisitos que deberá reunir o profesorado.

O profesorado que imparta o proxecto en lingua estranxeira, dentro do programa plurilingüe, na Educación Infantil deberá reunir algún dos seguintes requisitos:

1. Preferentemente, ser especialista de Educación Infantil, ou estar en posesión da habilitación correspondente, e acreditar o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).
2. Ser especialista na Lingua Estranxeira do proxecto plurilingüe en Educación Infantil. Esta docencia non suporá un aumento no cadro de persoal do centro.
3. Ser especialista en Educación Física ou en Música, ou estar en posesión da habilitación correspondente, e acreditar o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). Esta docencia non suporá un aumento no cadro de persoal do centro.



Sexto. Compromisos que deberá asumir o profesorado.

O profesorado que imparta o proxecto plurilingüe no segundo ciclo de Educación Infantil quedará comprometido a:

1. Impartir o proxecto plurilingüe en Educación Infantil en lingua estranxeira.
2. Participar nunha sesión semanal de seguimento e coordinación convocada pola persoa coordinadora do programa plurilingüe do centro, xunto co profesorado de linguas estranxeiras que participe no programa.
3. Colaborar na elaboración da programación de contidos e actividades de apoio en lingua estranxeira e da memoria final anual.
4. Participar nas actividades de formación e de coordinación entre centros que programe a Consellería de Cultura, Educación, e Universidade.

Sétimo. Profesorado coordinador.

1. Os centros plurilingües contarán cunha persoa coordinadora do programa, que será nomeada pola dirección do centro, entre o profesorado de lingua estranxeira con destino definitivo no centro, por un período dun curso académico.
2. A persoa coordinadora deberá impartir a lingua obxecto de estudo no programa, nalgún dos grupos de alumnado participante neste.
3. A persoa coordinadora do programa contará coa redución de unha hora no seu horario lectivo. En ningún caso esta redución suporá un aumento no cadro de persoal do centro.

Oitavo. Apoios por parte da Administración educativa.

1. A Consellería de de Cultura, Educación, e Universidade, nos centros da súa dependencia, asegurará que as vacantes que se produzan entre o profesorado que imparte o proxecto plurilingüe en infantil, vinculadas polo tanto ao programa de centros plurilingües, se cubran con profesorado coa debida competencia lingüística. Estableceranse os criterios selectivos necesarios para que as posibles substitucións temporais do profesorado participante no programa se realicen por aquel que posúa a debida competencia lingüística no idioma estranxeiro correspondente.
2. A Consellería de de Cultura, Educación, e Universidade impulsará, dentro do seu Plan de Formación, actividades específicas para o profesorado de proxectos plurilingües no segundo ciclo da Educación Infantil, dentro da Rede de Centros Plurilingües e facilitará a



dispoñibilidade de recursos didácticos e materiais específicos, así como de orientacións didácticas para o desenvolvemento do programa. Unha medida específica será a posible realización por parte dos centros educativos que se incorporen a este programa, dun PFPP específico relacionado con este programa.

3. A Consellería de Cultura, Educación, e Universidade dotará aos centros públicos de persoas nativas de apoio ao profesorado do centro para posibilitar o desenvolvemento do programa.

Noveno. *Certificación de participación.*

O profesorado que participe neste programa de innovación educativa recibirá un certificado acreditativo ao remate de cada curso escolar, cunha equivalencia de 50 horas de formación do profesorado para aquel que imparta áreas non lingüísticas en lingua estranxeira, e cunha equivalencia de 20 horas de formación do profesorado para a persoa coordinadora.

Décimo. *Admisión e certificación.*

A admisión do alumnado en centros plurilingües realizarase de acordo coa normativa vixente para tal fin na Comunidade Autónoma de Galicia. Durante o proceso de admisión do alumnado, todos os centros plurilingües en Educación Infantil, sostidos con fondos públicos, exporán, no seu taboleiro de anuncios e en todos os sistemas de información pública de que dispoñan, información sobre o carácter plurilingüe do centro, os obxectivos e o alcance desta condición, así como sobre as medidas de apoio establecidas para facilitar a incorporación do alumnado ao programa plurilingüe.

Décimo primeiro. *Atención á diversidade.*

Os centros plurilingües en Educación Infantil concretarán no seu proxecto lingüístico e no seu proxecto educativo de centro os programas específicos de atención ao alumnado, nomeadamente aquel con necesidades específicas de apoio educativo.

Décimo segundo. *Solicitud e documentación.*

- 1) Os centros que desexen impartir o programa de Plurininfantil deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>.





- 2) Será a persoa directora quen deberá acceder á aplicación coas súas credenciais. Unha vez rematado o proceso de solicitude xerarase un documento no buzón de informes (Anexo I). Este documento será custodiado no centro educativo.
- 3) Na solicitude faranse constar, ademais dos datos de identificación do centro e da persoa directora, os datos que se relacionan a continuación:
- Proxecto de desenvolvemento do programa plurilingüe en cada un dos cursos do segundo ciclo da Educación Infantil, con indicación do curso ou cursos de aplicación no curso 2022-2023 e planificación da extensión na etapa nos seguintes anos académicos.
 - Proxecto plurilingüe no segundo ciclo da Educación Infantil, no que a lingua estranxeira se integre desde un punto de vista lúdico e partindo do traballo en grupo, non só na área *Linguaxes: comunicación e representación*, senón a través de todas as áreas, traballando e desenvolvendo as competencias clave a través dun enfoque globalizado baseado en tarefas e proxectos e nos cales as TIC deben estar presentes.
 - Indicación do número de horas semanais, en lingua estranxeira, que se dedicarán á impartición deste proxecto.
 - Información relativa á experiencia en plans e/ou programas relacionados coas linguas estranxeiras nos que participou o centro.
 - Datos da aprobación do proxecto polo Consello Escolar, oído o Claustro de profesores e profesoras.
 - Relación do profesorado con destino definitivo no centro, ou profesorado contratado no caso dos centros concertados, que impartirá docencia, xunto coa titulación que acredite a súa competencia lingüística. Igualmente, datos da persoa coordinadora do programa.

Décimo terceiro. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación da presente resolución no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal/> e rematará o día 30 de abril de 2022.



Décimo cuarto. Comisión de valoración.

1. A Consellería de de Cultura, Educación, e Universidade realizará a selección dos proxectos, mediante unha comisión que estará presidida pola persoa titular da secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, ou persoa en quen delegue, e que tamén estará integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos, do Servizo de Innovación e Formación dos Recursos Humanos, así como dous asesores ou asesoras técnicas da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, un dos cales realizará as funcións de secretaría.
2. A valoración das solicitudes presentadas realizarase considerando a viabilidade do proxecto. Para iso terase en conta a experiencia previa do centro, o cadro de persoal de profesorado dispoñible coa cualificación requirida para desenvolver o programa en toda a etapa (con especial mención ao profesorado especialista en idioma estranxeiro) e os recursos existentes no centro, así como o número de unidades e de alumnado.

Décimo quinto. Resolución provisional.

Valoradas as solicitudes, a Secretaría Xeral de Educación, Formación Profesional publicará no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) a proposta de resolución provisional. Abrirase un prazo de 5 días hábiles, a partir do día seguinte da publicación para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.

Décimo sexto. Resolución definitiva.

1. Analizadas e resoltas as reclamacións presentadas contra a resolución provisional o secretario xeral de Educación e Formación Profesional educativa ditará a resolución definitiva.
2. A dita resolución publicarase no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) e no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de cinco meses, contado desde o remate do prazo de solicitude.
3. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo



común das administracións públicas.

4. Se transcorre o prazo máximo que se sinala no parágrafo segundo deste artigo sen que se publique a resolución definitiva, os centros solicitantes poderán entender desestimadas, por silencio administrativo, as súas solicitudes, para os efectos de interpoñer os recursos que proceda.

Décimo sétimo. *Notificacións.*

Notificaranse ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo oitavo.-*Seguimento e avaliación.*

- 1) Os centros plurilingües establecerán na súa programación xeral anual os mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe que permitan valorar os resultados obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora, que deberán reflectirse na memoria final de cada curso.
- 2) Correspóndelle á inspección educativa supervisar o proceso de implantación e desenvolvemento do programa nos centros plurilingües, prestándolle especial atención á práctica docente, así como propor medidas de mellora.
- 3) A persoa coordinadora do programa, coa participación do profesorado implicado no programa, deberá elaborar unha memoria ao remate do curso escolar para a súa integración na memoria anual do centro.

Décimo noveno. *Datos de carácter persoal.*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo,



determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en [https:// www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais](https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais).

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición adicional única.

Os centros educativos que ofertan o segundo ciclo da Educación Infantil pero non ofrecen Educación Primaria, poderán solicitar a implantación do programa plurilingüe en Educación Infantil, de acordo co establecido nesta resolución.

Disposición derradeira primeira. Recursos.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, e Universidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Disposición derradeira segunda.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,
O secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

